



PLAN DE CONTINXENCIA

ANEXO VI (VERSIÓN 2/11/20)

CURSO 2020/2021

INDICE

INTRODUCCIÓN

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓD UN ABROCHO

ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

MEDIDAS PREVISTAS DURANTE O PERÍODO DE SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE PRESENCIAL.

PLANIFICACIÓD HORARIA DE TRABALLO DO PROFESORADO DO GRUPO CO ALUMNADO(DE 3º A 6º DE EDUCACIÓD PRIMARIA).

PROTOCOLO DE ACTUACIÓD NO CASO DE PECHE PARCIAL.

PROTOLO DE ACTUACIÓD NO CASO DE PECHE TOTAL.

PROCEDEMENTO PARA A CESIÓD DE EQUIPAMENTO.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.

INTRODUCCIÓN

O Protocolo de Adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia establece no apartado 10.5 que o centro elaborará un Plan de Continxencia.

Neste Plan estableceranse as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria. Trátase dun plan modificable en función da evolución epidemiolóxica

Actualizamos o Plan de Continxencia do CEIP Vila de Rutis segundo a *Resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, do 2 de novembro de 2020, pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021.*

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan **síntomas compatibles con COVID-19**, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará co centro de saúde de referencia do alumno/a dentro das seguintes 24 horas e con algunha das persoas membros do equipo Covid á maior brevidade posible.

2. Se algunha persoa do núcleo familiar convive cunha persoa cun diagnóstico positivo da COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan coa persoa positiva non poderán acudir ao centro, en virtude de ser considerados contactos estreitos.

Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa COVID (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado, pero non será necesario que garden corentena no domicilio, podendo acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo.

3. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo, seguirase o seguinte protocolo de actuación do centro:

- Colocaráselle unha máscara cirúrxica.
- Levarase a un espazo separado de uso individual - Aula Covid (aula A1) que disporá de boa ventilación e estará dotada de xel hidroalcohólico, panos desbotables e papeleira de pedal.
- Contactarase coa coordinadora Covid do centro e cos familiares ou titores legais, no caso de afectar ao alumnado.

A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado: máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva e, no caso específico de que o alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houberse dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

4. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

5. No suposto da **aparición dun caso**, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCovid, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

6. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

7. Para comezar a identificación de contactos estreitos relacionados co centro educativo o antes posible, recomendase que o caso confirmado ou a persoa de referencia notifique o resultado positivo ao centro. Deste xeito, o Equipo Covid poderá comezar a recompilar a información necesaria para a identificación dos contactos estreitos.

8. As persoas que teñan diagnóstico confirmado terán obriga de illamento durante 10 días. As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado deberán entrar en corentena, estando illados nos seus domicilios e suspenderán, mentres dure esta, a asistencia ao centro por un período de 10 días, e sempre de acordo coas indicacións das autoridades sanitarias.

9. Tras a aparición dun caso diagnóstico da COVID-19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que **estar illada unha parte dun centro educativo** (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

10. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do **Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia** determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena, o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

11. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, **poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade** de conformidade cos seguintes supostos:

- A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.
- Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

12. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das medidas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia, tendo en conta o Plan de Continxencia ante peches aprobado pola Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

- O mesmo día do peche , a dirección do centro enviará unha comunicación a través de abalarMóbil e publicará unha nova na web do centro. O profesorado habilitará os recursos e as actividades iniciais e trasladará orientación ás familias, especialmente ás de alumnado de menor idade, nestas mesmas canles.

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo, plataforma E-dixgal, ou outras ferramentas institucionais como Webex.

- O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
- Desde o comezo de curso, o profesorado concretará co alumnado e familias que recursos telemáticos se utilizarán en caso de educación a distancia traballando, de ser posible pola idade, a competencia do alumnado para achegarse ao sitios virtuais onde estarán as tarefas e as formas de interactuar. Así mesmo, ensinará na aula o acceso á aula virtual / plataforma E-dixgal / blog para que poida realizalo de maneira autónoma no seu domicilio en caso de confinamento.
- O traballo do profesorado do grupo co alumnado , reflectirá na medida do posible o establecido no modo presencial, a fin de que se manteña o vínculo co alumnado do xeito máis coherente posible, e as tarefas asemellaranse o máis posible ao sistema presencial, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.
- Cando durante o peche ou confinamento parte do profesorado afectado se atope de baixa, **será o equipo docente do nivel**, co apoio da persoa Coordinadora TIC/E-dixgal, quen dispoña provisionalmente de recursos formativos ao alumnado ata a incorporación de persoal de substitución ou a alta do/a docente.
- O profesorado deberá conectarse a través dos servizos dixitais educativos corporativos, á hora que se establece no correspondente cadro horario diario incorporado como anexo neste Plan de Continxencia.
- O profesorado incorporará no espazo da aula virtual do seu curso a ligazón e o horario ao que deben conectarse.
- O proceso de ensino aprendizaxe durante a formación a distancia deberá seguir as normas establecidas para o ensino presencial, coas adaptacións que procedan motivadas pola metodoloxía empregada.

- O titor informará aos pais/nais do alumnado das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe, así como do control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos, que realizará diariamente o profesor mediante as ferramentas habituais, e das súas consecuencias no proceso de avaliación que o equipo docente ten establecido na súa programación didáctica.
- A dirección do centro, a través da xefatura de estudos, requerirá ao final de cada semana a relación de actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido, según o modelo reflectido no Plan de Ensino Virtual.
- Realizaranse simulacións periódicas que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso de peche.
- Daranse a coñecer ás familias estes protocolos.
- Manteranse actualizadas as necesidades de recursos dixitais en coordinación coa Inspección educativa.

MEDIDAS PREVISTAS DURANTE O PERÍODO DE SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Durante o período de suspensión da actividade lectiva presencial, o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

EDUCACIÓN INFANTIL:

- Comunicación coas familias por AbalarMóbil, telefonicamente ou videoconferencias a través de Webex.
- Utilización de videochamadas por Webex para o reforzo e vínculo emocional e posibilidade de tarefas (é necesario contar coa presenza da familia) **unha sesión semanal os venres.**
- Utilización de blog/aula virtual (rutinas, xogo, conto...)

1º e 2º de EDUCACIÓN PRIMARIA:

- Comunicación coas familias por AbalarMóbil, telefonicamente ou videoconferencias a través de Webex.

- Utilización de videochamadas por Webex para o reforzo e vínculo emocional e posibilidade de tarefas (é necesario contar coa presenza da familia) **unha sesión diaria.**

- Utilización de blog/aula virtual e correo electrónico para envío bidireccional de tarefas.

3º e 4º de EDUCACIÓN PRIMARIA:

- Comunicación coas familias por AbalarMóbil, telefonicamente ou videoconferencias a través de Webex.

- Utilización da aula virtual para a educación a distancia (tarefas, recursos, presentación de tarefas, etc.)

- Utilización de videochamadas por Webex no **horario espello establecido.**

-A asistencia do alumnado é obrigatoria, as faltas de asistencia deberán ser xustificadas.

- Deben aproveitarse as clases e respectar as normas de convivencia.

5º e 6º de EDUCACIÓN PRIMARIA:

- Comunicación coas familias por AbalarMóbil, telefonicamente ou videoconferencias a través de Webex.

- Utilización da plataforma E-dixgal para a educación a distancia (tarefas, recursos, presentación de tarefas, etc.)

- Utilización de videochamadas por Webex no **horario espello establecido.**

-A asistencia do alumnado é obrigatoria, as faltas de asistencia deberán ser xustificadas.

- Deben aproveitarse as clases e respectar as normas de convivencia.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN / PT - AL

A Orientadora, coa colaboración de titores/as e xefa de estudos, fará unha distribución dos recursos existentes para atender ao alumnado que precise reforzos e apoios.

- O profesorado utilizará, sempre que sexa posible, videoconferencia Webex para apoios individuais ou pequeno grupo e a aula virtual, na que se habilitará un espazo en cada clase para a atención á diversidade onde poidan subir (recursos,

tarefas) e recibir tarefas. Ademais, contarase cun blog de Orientación no que se subirá información e actividades para todos os cursos.

- Tamén se poderán realizar chamadas telefónicas, correo electrónico,... sempre en coordinación co profesorado titor.

- Notificarase á Orientadora o alumnado desconectado e os aparentes motivos. O/a orientador/a do centro educativo, no horario establecido pola dirección do centro, coordinará a atención ao alumnado NEAE por parte do persoal adscrito ao departamento de orientación, realizará as correspondentes reunións telemáticas para o desenvolvemento e seguimento deste alumnado e realizará as súas funcións, establecidas no artigo 6 do Decreto 120/1998, do 29 de abril, empregando as distintas ferramentas dixitais, ben a demanda dos titores/as ou dos pais/nais ou titores legais do alumnado.

PLANIFICACIÓN HORARIA DE TRABAJO DO PROFESORADO DO GRUPO CO ALUMNADO(DE 3º A 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA)

a) PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NO CASO DE PECHE PARCIAL.

HORARIO CLASES: Manterase o mesmo horario de materias que vén sendo habitual, en sesións docentes de 30 minutos e 20 de traballo individual.

As sesións de traballo distribuiranse nas seguintes franxas:

- 1ª sesión: dende as 09:00 ata as 09:50 horas.
- 2ª sesión: de 09:50 a 10:40 horas.
- 3ª sesión: de 10:40 a 11:30 horas.
- Tempo de lecer: de 11:30 a 12:00 horas.
- Hora de ler: de 12:00 a 12:20 horas.
- 4ª sesión: de 12:20 a 13:10 horas.
- 5ª sesión: de 13:10 a 14:00 horas.

HORA DE CONEXIÓN : 10 minutos antes do comezo da clase.

PROCESO: acceder á aula virtual, ao seu curso e aí figurará a ligazón a través da que ten que conectarse o alumno/a.

O/A titor/a informará á familia do alumnado das normas establecidas polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe, así como do control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos que realizará diariamente o mestre/a mediante as ferramentas habituais, e das súas consecuencias no

proceso de avaliación que o equipo docente ten establecido na súa programación didáctica.

TUTORÍA FAMILIAS: O horario de tutoría para as familias será os luns de 17:00 a 18:15 horas.

b) PROTOLO DE ACTUACIÓN NO CASO DE PECHE TOTAL.

HORARIO CLASES: As clases comezarán ás 9:00 en sesións docentes de 30 minutos. O resto do horario adicarase a traballo individual.

As sesións de traballo distribuiranse nas seguintes franxas:

- 1ª sesión: de 09:00 a 09:30 horas.
- 2ª sesión: de 09:30 a 10:00 horas.
- 3ª sesión: de 10:00 a 10:30 horas.
- Tempo de lecer: De 10:30 a 11:00 horas.
- 4ª sesión: de 11:00 a 11:30 horas.
- 5ª sesión: de 11:30 a 12:00 horas.
- Hora de ler: De 12:00 a 12:20 horas.
- Traballo individual: de 12:20 a 14:00 horas.

HORA DE CONEXIÓN : 10 minutos antes do comezo da clase

PROCESO: acceder á aula virtual, ao seu curso e aí figurará a ligazón a través da que ten que conectarse o alumno-a.

O titor/a informará á familia do alumnado das normas establecidas polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe, así como do control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos que realizará diariamente o mestre/a mediante as ferramentas habituais, e das súas consecuencias no proceso de avaliación que o equipo docente ten establecido na súa programación didáctica.

TUTORÍA FAMILIAS: O horario de tutoría para as familias será os luns de 17:00 a 18:15 horas.

PROCEDIMENTO PARA A CESIÓN DE EQUIPAMENTO

- O equipo COVID do centro, coa colaboración dos/as titores/as, identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
- A administración educativa garantirá o dereito á educación e a súa equidade. A tal fin disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise de acordo co seguinte protocolo:

a) O mesmo día da corentena ou do peche, os equipos directivos afrontarán cos seus propios recursos tecnolóxicos, no caso de dispoñer deles, as necesidades TIC máis perentorias do centro. Esta primeira intervención poderá ser apoiada polos CFR baixo a coordinación da xefatura territorial.

b) Unha vez atendidas as necesidades iniciais, as direccións dos centros trasladarán con carácter de urxencia por correo electrónico á inspección educativa as necesidades priorizadas de equipos que quedaran sen cubrir. A inspección dará traslado destas necesidades aos servizos centrais para facilitar a súa cobertura inmediata.

c) Adoptaranse criterios unificados que dependerán da extensión e alcance do peche e, polo tanto, das necesidades en cada momento. Os equipamentos entregaranse ao centro educativo que será o responsable da organización da entrega ás familias e posterior recollida.

d) Todas as familias que reciban equipamento público deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose do dito material segundo o modelo que se atopa dispoñible como **Anexo II** e que se atopa dispoñible no portal educativo.

Aos efectos de axilizar o proceso ante un posible peche, as direccións dos centros educativos recadarán de inmediato os documentos de cesión de equipamento debidamente asinados polas familias que puideran precisar este equipamento. Chegado o eventual peche darán traslado dos documentos de cesión asinados para a recepción dos equipamentos correspondentes.

e) O material solicitado aos servizos centrais será repartido coa máxima celeridade por AMTEGA.

f) Unha vez superada a situación de confinamento ou peche, o centro educativo, no prazo máximo de 3 días, deberá recompilar todos os equipos cedidos para ser logo recollidos por AMTEGA.

g) Cando foran repartidos todos os equipamentos necesarios e dispoñibles ás familias, o/a titor/a do grupo, organizará unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias, no que se fará un repaso polo funcionamento da aula virtual e se resolverán dúbidas das familias.

Farase unha reunión diferenciada para o alumnado de 2º EP e cursos inferiores, dado que a súa atención non se basea na aula virtual. Terase en conta a capacidade máxima de participantes nas aplicacións aportadas pola Consellería para videoconferencias e, polo tanto, realizaranse as convocatorias que sexan necesarias.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

- Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro, realizarase unha planificación do retorno á actividade presencial.

As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

| FASE | DURACIÓN | ALUMNADO | OBXECTIVOS |
|---|--|--|--|
| FASE 1 (Adecuación dos espazos) | Variable, aconséllase 1 semana O equipo covid do centro establecerá as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias. | | - Desinfección de todos os espazos. - Análise da situación dos espazos e as súas necesidades. - Distribución dos pupitres acadando unha distancia entre eles de máis de 1m. - Reorganización das quendas de recreo. - Revisión do Plan de Adaptación buscando posibles erros na redacción ou na execución. |
| FASE 2 (Formación de | 1 semana | - A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea | - Formar ao alumnado na importancia das |

| | | | |
|--|----------|--|---|
| pequenos grupos) | | será do 30% en grupos de máis de 20 alumnos e do 50% en grupos de 20 ou menos alumnos/as. | medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e hixiene de mans. - Informar ás familias dos cambios nos protocolos de entradas, saídas,..., se os houbera. - Formar ao alumnado nestes cambios e na importancia do distanciamento físico no recreo. - Combinar o ensino presencial e a distancia. - Revisar as actividades realizadas no período de ensino telemático. - Avaliación desa etapa. |
| FASE 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos) | 1 semana | - A porcentaxe de alumnado na aula será do 50% nos grupos de 20 ou máis alumnos/as, e do 100% en grupos de menos de 20 alumnos/as. | - Comprobar a adquisición das actuacións desenvolvidas en pequeno grupo. - Continuar co ensino presencial e a distancia. - Aproveitar o ensino presencial para resolver dúbidas e poñer en práctica os contidos expostos na aula virtual. |
| Fase 4 (Reactivación) | 1 semana | Regreso do 100% do alumnado | - Reforzar e fomentar os hábitos aprendidos. |

| | | | |
|--|--|--|--|
| | | | <ul style="list-style-type: none">- Comprobar o grao de adquisición dos contidos traballados. - Realizar unha avaliación dos contidos adquiridos neste período. - Volver á dinámica de clases presenciais, sen abandonar o emprego da aula virtual/E-dixgal. |
|--|--|--|--|

Anexo II

Eu, D./Dña. _____ con DNI _____
pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a _____ do
centro educativo _____ recibín en
réxime de préstamo o equipamento identificado máis abaixo para continuar o proceso formativo
durante a vixencia das circunstancias excepcionais derivadas da pandemia por Covid-19.

Comprométome a usalo de forma responsable, a mantelo baixo a miña responsabilidade e
coidado, a cumprir coas medidas de seguridade apropiadas e a devolvelo nas mesmas
condicións en que me foi entregado.

| EQUIPO | MODELO | N.º DE SERIE |
|--------|--------|--------------|
|--------|--------|--------------|

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

| | |
|--|---|
| Responsable do tratamento | Xunta de Galicia. Centro educativo ao que se refire este documento |
| Finalidade do tratamento | Rexistro e acta de entrega de equipamento |
| Lexitimación do tratamento | O cumprimento dunha misión de interese público, o exercicio de poderes públicos, o cumprimento dunha obriga legal, segundo a normativa xeral e sectorial referida en https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e demais regulación concordante |
| Destinatarios do datos | Non se prevén comunicacións a terceiras persoas |
| Exercicio dos dereitos | As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos |
| Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional | https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos |

E para que así conste, asino este documento

En _____, a ____ de _____ de _____

Entregado ao centro educativo con data ____/____/____